

Roteiro 3 Os Ofícios



O Rosal. Anónimo, ca. 1955





Ademais do aproveitamento dos recursos naturais que ofrecen a terra e o mar, foi necesario desenvolver outra serie de tarefas ou traballos máis especializados que, por outra banda, axudaban a incrementar a economía familiar. A través destes oficios como os zapateiros, canteiros, afiadores ou telleiros e coa transformación de diferentes materias primas, (pedra, madeira, barro...) acadábanse produtos ou elementos imprescindibles para cubrir as necesidades básicas en relación ao abrigo, vivenda, tarefas cotiás, etc.

Estes oficios podían ter carácter ambulante, coma os afiadores, canteiros ou carboeiros, o que implicaba unha emigración temporal en busca de traballo; outros contaban cun obradoiro de traballo estable como no caso dos carpinteiros ou ferreiros; outros eran traballos estacionais, como os telleiros que só traballaban no verán; ou aqueles que traballaban unha temporada no seu obradoiro e posteriormente se desprazaban para facer o seu traballo, como os zoqueiros e cesteiros.



Factores como a escaseza de traballo agrícola ou a predominancia de certas materias primas nunha zona concreta, fan que a existencia de certos oficios se concentre máis nuns lugares de Galicia que noutros.

As variacións sufridas a nivel social coa incorporación dos adiantos no mundo da industria supuxo unha importante necesidade de adaptación na actividade destes oficios. A substitución de diferentes materias primas coas que desenvolver estes oficios, o avance da tecnoloxía ou o desuso de certos produtos resultantes a partir destes traballos levou, incluso, á progresiva desaparición dalgun deles.





No caso de certos oficios era tamén moi común contar con certos elementos que reforzaban a súa identidade. É o caso dos canteiros, dos cesteiros, dos afiadores ou dos telleiros que contaban cada un coa súa propia xerga. No caso dos canteiros contaban coa “xerga dos arxinas” que mesturaba diferentes procedencias: o vasco, francés, catalán, latín, cousa moi probable debido aos diversos desprazamentos polo territorio que implicaba dedicarse a este oficio. Os afiadores e paraugueiros contaban co “barallete”, que non utilizaban tanto para enganar ou burlarse dos seu clientes senón como xeito de salvagardar os segredos da súa profesión. O “cavaco” era a linguaxe propia dos que se dedicaban a facer tellas de aí que en moitos lugares sexan coñecidos tamén como cavaqueiros.

En moitos casos, dedicarse a un determinado oficio viña imposto por seguir unha tradición familiar e perpetuar o traballo nos diferentes obradoiros creados por varias xeracións anteriores. Os que se dedicaban a desenvolver algún deles eran considerados como artesáns, máis co avance da economía do mercado, a súa presenza íase facendo cada vez menos notable.





A cestaría, o tecido e a cerámica son as tres técnicas artesanais máis antigas empregadas polo ser humano. A súa orixe remóntase ao Neolítico, momento histórico no que o descubrimento da agricultura e da domesticación dos animais supuxo o paso dunha economía colleitadora a unha economía produtora.

En Galicia a humidade e acidez do chan non permiten a conservación das materias orgánicas, polo que non temos testemuñas directas da utilización da cestaría e do tecido nas épocas máis antigas. Pero, tanto as fontes escritas como algúns achados arqueolóxicos (sementes de liño, ferramentas de cesteiro, etc.) fálannos do coñecemento de ambas técnicas na Cultura Castrexa. Todo o contrario ocorre coa

cerámica que é, con moito, o elemento arqueolóxico máis abundante atopado nos xacementos galegos e especialmente nos castros, aínda que os achados cerámicos máis antigos corresponden ao neolítico e son xa frecuentes nos monumentos megalíticos.

A cestería galega caracterízase por unha gran variedade de formas, derivadas da diversidade de materias primas que o contorno proporciona e das técnicas empregadas para transformalas en produtos manufacturados. As materias primas máis utilizadas son as distintas castes de madeira (carballo, salgueiro, ameneiro, etc.), o vimbio, o xunco e a palla de trigo e de centeo. Entre as técnicas destaca a cestería de vergas ou de madeira rachada en finas láminas flexibles –vergas– que se entrecruzan entre si. Tamén a cestería de corres ou de varas de madeira, enteiras ou fendidas en tiras, peladas ou sen pelar, na súa cor natural ou tinguidas aproveitando o tanino da casca. Coa palla úsanse diferentes técnicas como o cosido en espiral para a elaboración de cestos e o trenzado para a confección de sombreiros.

As técnicas cesteiras empregábanse principalmente para facer cestos das máis variadas formas e tamaños e para usos moi diversos. O cesto era un útil fundamental na vida cotiá, servía como auxiliar de moitas faenas agrícolas, mariñeiras e domésticas, e era imprescindible para o transporte e venda dos produtos obtidos da pesca, do agro, do gando e das actividades artesanais.

Ademais de cestos, as técnicas da cestería empregáronse para facer os máis diversos obxectos: peches de fincas, cabazos para o gran, canizos para os carros, nasas para a pesca fluvial e marítima, xerras, abanos, sombreiros, etc.

A produción de lenzos de liño en Galicia tivo sempre grande importancia, pero será dende a segunda metade do século XVIII e ata principios do XIX cando alcance o seu maior esplendor. O incremento da demanda, debido ao progresivo empobrecemento da poboación do interior peninsular, que demandaba produtos téxtiles baratos, e a apertura do porto da Coruña ao comercio colonial en 1764,



provocou que gran parte da poboación rural galega se dedicase á actividade téxtil. O traballo de transformación do liño, case exclusivamente feminino, era un proceso moi longo e laborioso, que requiría un grande esforzo por parte dun gran número de persoas. En resumo, consta de catro fases principais: o cultivo e a extracción da planta, os procedementos para a obtención e selección da fibra, transformación desta en fío e a elaboración dos tecidos.

Na maioría das fases o volume de traballo era tal que as mulleres da casa non eran suficientes para afrontalo, polo que lle pedían axuda ás parentes e veciñas. Esta cooperación veciñal, baseada na reciprocidade, era sempre gratuíta; o veciño beneficiado correspondía ao traballo cunha comida e quedaba obrigado a



participar nos traballos colectivos daqueles que acudiron na súa axuda.

Estas xuntanzas de traballo do liño remataban sempre en festa, á que acudían os mozos e os veciños da parroquia e na que non faltaba a música, o baile e os xogos. Convertíanse nun acontecemento social, sobre todo para as mulleres, pois os seus momentos de lecer estaban sempre asociados aos traballos colectivos exclusivamente femininos.

Dende mediados do século XVIII existiron diversas aldeas galegas nas que os seus campesiños, como complemento á súa actividade agrícola, se dedicaban á elaboración de cacharros de barro para almacenar, transportar e cociñar alimentos. A produción cerámica de cada unha destas aldeas oleiras tiña as súas características, derivadas do tipo de barro, dos procedementos de cocción e vidrado, da decoración e das formas dos cacharros, unhas herdadas por tradición e



outras produto da innovación.

As pezas cerámicas realizadas en Gundivós caracterízanse pola súa cor negra, polo emprego de pez para impermeabilizalas e pola presenza de cordóns de barro decorados con depresións dixitais chamados vincos.

En Niñodagua o tipo de barro empregado, que toma unha coloración branca-amarela ao cocelo e a aplicación dun vidrado sen colorantes, dá como resultado a peculiar coloración amarela das súas pezas.

Os cacharros de Bonxe levan unha rica decoración de cor branca feita cunha arxila fina, rica en caolín, coa que debuxan cintas, semicírculos e estilizacións vexetais. Esta decoración pintada aparece na cerámica de Mondoñedo, aínda que con motivos máis sinxelos, a base de anchas cintas combinadas con decoración incisa. Aquí, o mesmo que en Bonxe, emprégase o vidrado no interior dos cacharros para



impermeabilizalos.

A cerámica de Buño caracterízase pola súa intensa coloración que se consegue engadindo óxidos metálicos ao vidro: de cobre para os verdes e de ferro para os ocres e marróns. Outra característica é a aplicación de decoración pintada con barro de diferentes cores, realizando múltiples motivos decorativos, xeométricos e vexetais. A substitución progresiva dos recipientes de barro por produtos industriais e o despoboamento do agro, ocasionaron a redución da demanda e a desaparición da maioría das aldeas de oleiros. Tan só aqueles que souberon adaptarse aos novos requirimentos, nos que é máis importante a función decorativa que a utilitaria, permanecen ata os nosos días. Ademais diso, moitos novos oleiros instalaron os seus obradoiros por toda a xeografía galega elaborando pezas ao gusto dunha





clientela que aprecia máis os efectos decorativos das vasillas.

OS OFICIOS Suntuarios

Prateiros, acibecheiros, eborarios, pintores, escultores, bordadores, douradores, vidreiros etc., son algúns dos oficios que, por realizaren manufacturas máis refinadas, denominamos suntuarios. A principal cliente destes oficios era a Igrexa: catedrais, colexiadas, confrarías relixiosas e parroquias, tanto rurais como urbanas, fornecíanse das manufacturas que saían dos seus obradoiros. As súas producións, símbolos de riqueza, poder e ostentación, tiveron así mesmo gran demanda entre as clases poderosas –entre a fidalguía e a burguesía– pero tamén entre os poderes públicos como os concellos. Porén, dos seus obradoiros saían ademais obxectos máis populares, como o caso dos prateiros e acibecheiros que realizaban xoias de filigrana e figas de acibeche, de uso

común entre toda a poboación galega.

A poderosa clientela coa que contaban estes oficios, facía que gozasen dun maior prestixio e recoñecemento social, pois os encargos dos seus clientes proporcionáballes ganancias respectables, para acadar así un certo nivel económico.

Todos este oficios asentábanse nas vilas e cidades, a carón de catedrais e colexiats, pero as súas obras – cálices, custodias, portapaces, imaxinaría relixiosa, casullas, etc. – chegaban ás parroquias rurais que contaban con ricos ornamentos e vestiduras litúrxicas. Normalmente agrupábanse nas rúas que ofrecían as condicións máis propicias para desenvolver o seu labor e que aínda hoxe conservan

